

Galiza é unha comunidade na que a muller destaca polas súas fortalezas e polo traballo desempeñado dende a invisibilidade, mulleres traballadoras vinculadas a todas as áreas empresariais, destacando actividades realizadas no sector rural e no sector pesqueiro, empregos sempre considerados coma labores de apoio ao home, apenas recoñecidos socialmente e pouco ou moi mal remunerados.

O traballo principal das mulleres vinculábase á realización de tarefas domésticas e ao coidado da familia. Actualmente, en pleno século XXI, as mulleres galegas apostamos por falar, visibilizar o noso traballo e ocupar o posto que por historia e por ser máis do 50% da poboación nos merecemos. Para promover e contribuir a este cambio, tan xusto como necesario, dende a OMIX de Tomiño entendemos que a formación en xénero, igualdade, coeducación, corresponsabilidade, formación para o emprego e empoderamento é FUNDAMENTAL.

O termo sororidade, descrito por Marcela Lagarde é, máis que nunca, o fío sobre o que debemos camiñar para deixar de ser unha en convertirmos en nós; por este motivo, o fomento da participación feminina e a (in)formación das mozas asistentes a estas xornadas de cara a promover o asociacionismo de mulleres, son claves neste proxecto.



Data:
Do 23 ao 27 de
setembro de 2019



Hora:
de 16 a 21



Donde:
Salón de Plenos do
Concello de Tomiño



Inscripcións:
www.tomino.gal



- * Servizo de canguraxe dispoñible
- * Dixirido a mulleres, preferentemente de 16 a 30 anos
- * Prazas limitadas
- * De balde

Xornadas feministas

para o fomento da participación de mulleres novas

Empoderamento
Asociacionismo
Sororidade
Emprego
Cultura



Luns

- 16:00 h. Recepción.
- 16:15 h. Inauguración das Xornadas a cargo de Sandra González Álvarez, Alcaldesa de Tomiño, Cristina Martínez Souto, Concelleira de Benestar Social, Igualdade e Educación e Fátima Rodríguez González, Concelleira da Eurocidade, mocidade e participación infantil.
- 16:30 h. "DA MULLER... ÁS MULLERES, UNHA LONGA ANDAINA. NOTAS PARA UNHA HISTORIA DO FEMINISMO GALEGO"
Conferencia impartida por Nanina Santos Castroviejo, escritora, musicóloga, integrante do consello de redacción da Revista de pensamento feminista Andaina e figura histórica do movemento feminista galego.
- 17:30 h. "A FORZA DO COLECTIVO. EXPERIENCIAS DENDE O ASOCIACIONISMO DE MULLERES"
Conferencia de María Jesús Girona Magraner, coordinadora técnica de Federación Mujeres jóvenes.
- 18:30 h. Descanso.
- 19:00 h. "TECENDO REDES (FEMINISTAS) NA LITERATURA E NA CULTURA"
Conferencia impartida por Andrea Barreira, escritora, integrante do colectivo de crítica literaria feminista A Segra e colaboradora habitual da Librería de Mulleres Lila de Liliith.
- 20:00 h. Debate.

Martes

- 16:00 h. "IDENTIDADE FEMININA E EQUIDADE ENTRE HOMES E MULLERES"
Obradoiro impartido por Paula Suárez Gullón, Directora de Positivando Gabinete psicopedagóxico, Delegada en Galicia ECAI Balbalika, Socia Colaboradora TDAH Salnés, Secretaria de Empresarias Galicia, Directora e Presentadora do Programa "De Viva Voz" en Single Radio.
- 17:20 h. Descanso.
- 17:40 h. "AUTOESTIMA E IDENTIDADE PERSOAL. DA REVOLUCIÓN FEMININA Á CONSTRUCCIÓN SOCIAL"
Conferencia impartida por Paula Suárez Gullón.
- 19:00 h. "A DIFERENCIACIÓN COMO EIXO DE ACCIÓN NA PROCURA DE EMPREGO",
Conferencia impartida por Fátima Rodríguez Marcos. Licenciada en Psicoloxía, posúe unha ampla experiencia como formadora en habilidades comunicativas e atención ao cliente, ademais de ser a xerente da consultoría de proxectos Talentea RRHH.



Mércores

- 16:00 h. "ESTIMULACIÓN DA CREATIVIDADE ENFOCADA AO PROCESO DE PROCURA DE EMPREGO"
Obradoiro impartido por Fátima Rodríguez Marcos.
- 17:30 h. Descanso.
- 18:00 h. "XOGO - UN CAMIÑO DE APRENDIZAXE, EXPRESIÓN E EMPODERAMENTO. A TRAVÉS DO TEATRO DE OBXECTOS"
Obradoiro impartido por Alba Grande, coordinadora de teatro de obxectos e títeres na Casa Colorida, ademais de formar parte de varios procesos de creación escénica; e Andrea Borda, arquitecta, deseñadora de interiores e asistente de obradoiros de educación creadora.

Xoves

- 16:00 h. "MATERNOFOBIA. RELATO DE UNA GENERACIÓN ENFRENTADA A LA MATERNIDAD"
Presentación do libro de Diana López Varela. Periodista e escritora. Autora de "No es país para coños". Directora da curtametraxe "Feminazi" e colaboradora de diversos medios de comunicación.
- 17:20 h. Descanso.
- 17:40 h. "AUTOESTIMA E EXPECTATIVAS INCUMPLIDAS: A NOVA ENFERMIDADE DAS MULLERES"
Conferencia impartida por Diana López Varela.
- 19:00 h. "PROXECCIÓN DA CURTAMETRAXE "FEMINAZI"

Venres

- "OBRADOIRO PRÁCTICO PARA A CREACIÓN E XESTIÓN DE ASOCIACIÓNS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO"
Impartido por Ania González, avogada e crítica cultural. Especialista en Teoría Crítica do Discurso, museoloxía, imaxinación política e feminismos. Colaboradora con Babelia-EI País. Rafael Anido, avogado e dinamizador cultural. Membro do colectivo autoxestionado Nave 1839 (A Coruña).
- 16:00 h. Constitución, órganos de goberno e funcionamento das asociacións. O consenso e toma de decisións con perspectiva de xénero. Réxime fiscal e financiamento. Subvencións. A contratación pública.
- 18:30 h. Descanso.
- 19:00 h. Outra normativa aplicable a asociacións: protección de datos de carácter personal, dereitos de imaxe e propiedade intelectual. Organización de actividades. Conxestión de espazos públicos. Programas para o fomento do feminismo no movemento asociativo.

